



OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO:

1. Recibir e entrevistar ás persoas con inquedanzas voluntarias.
2. Recibir, avaliar e planificar proxectos de intervención social nos que poidan ser incluídas persoas voluntarias.
3. Facilitar formación básica ao voluntariado.
4. Acompañar á persoa voluntaria e facer un seguimento durante o desenvolvemento da colaboración.
5. Subscribir unha póliza de seguros que cubra os danos da persoa durante o desempeño da acción voluntaria e posibles danos a terceiros.
6. Outorgarlle á persoa voluntaria unha acreditación que o/a identifique como voluntario/a.
7. Reunirse periodicamente co voluntariado e asociacións.
8. Tramitar o cese de colaboración tanto coa entidade receptora como coa persoa voluntaria.
9. Cubrir os gastos ocasionados ao voluntariado, que se consideren derivados da acción voluntaria como desprazamentos ou dietas se son necesarias.

PERSOA VOLUNTARIA:

1. Rexeitar calquera contraprestación material que puidera recibir, ben da persoa beneficiaria, ben doutras persoas relacionadas coa súa acción.
2. Cumprir os compromisos adquiridos coa Entidade, respectando os seus fins e normativa.
3. Gardar confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
4. Respectar os dereitos das persoas beneficiarias da súa actividade voluntaria.
5. Actuar de forma altruísta, dilixente e solidaria.
6. Seguir as instrucións axeitadas aos fins da acción, impartidas no desenvolvemento das actividades encomendadas.
7. Utilizar debidamente a acreditación e distintivos da Entidade.
8. Respectar e coidar os recursos materiais que poña á súa disposición a Entidade.

ENTIDADE RECEPTORA

1. Cumprir os compromisos adquiridos neste acordo
2. Establecer sistemas internos de información e orientación axeitados para a realización das tarefas que sexan encomendadas á persoa voluntaria.
3. Recibir e tratar cordialmente ao voluntariado recordando que a súa colaboración é desinteresada e por iso deberá pagarse con respecto e agradecemento.
4. Proporcionar formación específica e orientación necesaria para desempeñar a súa labor.
5. Garantir a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
6. Informar de tódalas actividades, cambios ou incidencias que ocorran durante a colaboración.